



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (43/2024)

Na Casa do Concello de Monfero, ás once horas e dezaioito minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás dez horas e trinta minutos.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Ratificación do cambio de data da Xunta de Goberno Local do mes de decembro
2. Aprobación da acta da sesión do día 11 de decembro de 2024
3. Contratación do servizo de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero
4. Aprobación da relación de facturas núm. 072XOK/2024
5. Aprobación da relación de facturas núm. 073XRSE/2024
6. Xustificación de subvencións nominativas
7. Concesión de axuda ao fomento da natalidade
8. Aprobación liquidación dos gastos da máquina autopropulsada da Comunidade Intermunicipal de servizos consorciados Lambre - Mandeo no que participan os Concellos de Aranga e Monfero
9. Aprobación liquidación dos gastos do camiión Iveco da Comunidade Intermunicipal Lambre – Mandeo no que participan os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior
10. Aprobación liquidación dos gastos de xestión do rodillo vibrante e remolque da Comunidade Intermunicipal Lambre - Mandeo no que participan os Concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

11. Asuntos urxentes

1. RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DATA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO MES DE DECEMBRO

O Sr. Alcalde en funcións indica que se determinou convocar a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria na data indicada, debido a cuestións de axenda que facilitan agrupar sesións de órganos colexiados para unha mellor xestión do tempo e da organización do traballo.

2. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2024

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 11 de decembro de 2024 se considera aprobada sen ningunha obxección por UNANIMIDADE dos presentes.

3. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO

A Sra. Secretaria-interventora dá conta deste expediente de contratación que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO

Logo de ver a documentación do expediente de contratación núm. 2024/C004/000003, do SERVIZO LIMPEZA EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO (prego de cláusulas administrativas, de prescricións técnicas, informes e demais documentación) e, a vista das características do contrato, e que considerase que o procedemento aberto simplificado é o máis

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1. Xustificar a necesidade de contratar o SERVIZO LIMPEZA EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO, definido no prego de prescricións técnicas, cun orzamento anual de 34.065,61€ co IVE incluído, motivándoo, na necesidade de prestar á veciñanza e persoas usuarias das instalacións un bo servizo.

2. Non dividir en lote polos seguintes motivos:

– A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.

– Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.

– Non procede a división en lotes do obxecto do contrato por razóns técnicas, o obxecto do contrato non é susceptible de división en lotes. A coordinación das diferentes prestacións que o integran podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes, tal como resulta do informe previo emitido, no que se xustifica tamén a necesidade da contratación e a insuficiencia de medios

3. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación de dito servizo mediante procedemento aberto simplificado, anexos e prego de prescricións técnicas.

4. Aprobar o expediente de contratación do devandito servizo.

5. Proceder a súa contratación utilizando o procedemento aberto, establecido como de utilización ordinaria, neste caso simplificado por encontrarse dentro dos límites do artigo 159.1 da dita norma.

6. Dispoñer a apertura do procedemento convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contratacióndelestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, anexos, prego de prescricións técnicas, certificación do presente acordo e anexo do persoal a subrogar. O prazo de presentación das ofertas polos licitadores será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

7. Aprobar o expediente anticipado de gasto, suxeito a tramitación anticipada, de acordo co artigo 117.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), comprometendo os créditos con cargo ao orzamento de 2025 para a financiación do presente contrato con cargo as aplicacións orzamentarias 312.22700, 32322700 e 342.22700, nun 32,10%, 4,94% e 62,96%, respectivamente.

8. Actuará como mesa de contratación a Mesa de contratación permanente da Xunta de goberno local do Concello de Monfero, nomeada pola Xunta de Goberno Local mediante o seu acordo do 19 de xullo de 2023 e publicada a súa composición no BOP n.º 147, correspondente ao 3 de agosto de 2023.

9. Facultar expresamente o Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

4. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 072XOK/2024

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 072XOK/2024 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	072XOK/2024
Importe total	35.705,05€
Número de facturas e gastos que contén	5
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2024/2216
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2024/2470

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta

5. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 073XRSE/2024

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 073XRRSE/2024, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

SEGUNDO- Informa que con data 16/12/2024 mediante resolución da Alcaldía nº 376/2024 queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	073XRRSE/2024
Importe total	6.016,56€
Número de facturas e gastos que contén	2
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2024/2400
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2024/2460

CUARTO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta

6. XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

6.1 A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía en funcións con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2024, prorrogado do ano 2023, para o financiamento dos gastos que tamén se indican

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do mencionado orzamento, informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle á Xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TABOADA	MIRF	Adquisición de equipamento e realización de actividades	1.500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno Local, por delegación, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

6.2 A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía en funcións con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2024, prorrogado do ano 2023, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do mencionado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

orçamento, informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle á Xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
CLUB DEPORTIVO CONCELLO DE MONFERO	JGG	Actividade de fútbol sala e ciclismo	4.000,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Votase. O resultado é o seguinte: 2 votos a favor, ningún voto en contra e 1 abstención do Sr. Alcalde posto que forma parte do equipo directivo do Club. Xa que logo, a proposta a que se refire este punto da orde do día, é aprobada pola Xunta de Goberno Local, por MAIORIA DE VOTOS.

7. CONCESIÓN DE AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE

A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente, da documentación acreditativa achegada, das comprobacións realizadas, e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONCESIÓN DE AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE

Unha vez examinada a solicitude presentada no Rexistro de Entrada deste Concello o 16-12-2024, núm. 202400000001063, que figura no expediente 2024/A003/000011, e a documentación que se lle achega para xustificar o cumprimento dos requisitos para a concesión das axudas para o fomento da natalidade que establece a ordenanza municipal vixente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Conceder a axuda que establece a Ordenanza municipal reguladora do fomento da natalidade do Concello de Monfero, aprobada polo Pleno da Corporación o 25 de outubro de 2011 e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

publicada no BOP núm. 247, correspondente ao día 29 de decembro de 2011, ao nacemento ao que se refire o expediente núm. 2024/A003/000011, por importe de 1.500,00 euros, e proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo beneficiario. O nome e apelido do/a nacido/a, que, entre outros datos, non se fai constar neste acordo para respectar o dereito á intimidade e á protección de datos, por considerar que non é estritamente necesario, responde as seguintes iniciais: A.D.D.

En Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

8. APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DOS GASTOS DA MÁQUINA AUTOPROPULSADA DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL DE SERVIZOS CONSORCIADOS LAMBRE - MANDEO NO QUE PARTICIPAN OS CONCELLOS DE ARANGA E MONFERO

A Sra. Secretaria-interventora informa sobre este expediente e dá conta da liquidación enviada polo Concello de Aranga para o efecto e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que, modificada por orde deste, se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a notificación da resolución da Alcaldía dos Concello de Aranga núm. 365/2024, de data 05/12/2024, recibida con Rexistro de Entrada neste Concello núm. 202400000001048, o 05/12/2024, pola que se aproba a liquidación económica dos gastos da máquina autopropulsada da comunidade intermunicipal de servizos consorciados Lambre-Mandeo, en idéntica proporción, ao 50%, entre o concello de Aranga e Monfero integrados na comunidade.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á devandita liquidación dos gastos da máquina autopropulsada da comunidade intermunicipal de servizos consorciados Lambre-Mandeo no que participan os Concellos de Aranga e Monfero, e á achega do Concello de Monfero, por importe de 1.226,75€, con cargo á aplicación orzamentaria 2024.0.1531.00.46200, e que se proceda a súa transferencia ao Concello de Aranga.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

9. APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DOS GASTOS DO CAMIÓN IVECO DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE – MANDEO NO QUE PARTICIPAN OS CONCELLOS DE ARANGA, IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR

A Sra. Secretaria-interventora informa sobre este expediente e dá conta da liquidación enviada polo Concello de Aranga para o efecto e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que, modificada por orde deste, se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a notificación da resolución da Alcaldía dos Concello de Aranga núm. 364/2024, de data 05/12/2024, recibida con Rexistro de Entrada neste Concello núm. 202400000001049, o 05/12/2024, pola que se aproba a liquidación económica dos gastos de xestión do camión Iveco, da Comunidade Intermunicipal de Servizos Públicos Consorciados Lambre-Mandeo que son repartidos, en idéntica proporción, ao 25%, entre os catro concellos integrados na comunidade.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á devandita liquidación dos gastos do camión Iveco, da Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo no que participan os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, e á achega do Concello de Monfero, por importe de 2.518,69€, con cargo á aplicación orzamentaria 2024.0.1722.46200, e que se proceda a súa transferencia ao Concello de Vilarmaior.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

10. APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DOS GASTOS DE XESTIÓN DO RODILLO VIBRANTE E REMOLQUE DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE - MANDEO NO QUE PARTICIPAN OS CONCELLOS DE ARANGA, IRIXOA E VILARMAIOR

A Sra. Secretaria-interventora informa sobre este expediente e dá conta da liquidación enviada polo Concello de Vilarmaior para o efecto e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que, modificada por orde deste, se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a notificación da resolución da Alcaldía dos Concello de Vilarmaior núm. 341/2024, de data 03/12/2024, recibida con Rexistro de Entrada neste Concello núm. 20239000000397, o 03/12/2024, pola que se aproba a liquidación económica dos gastos de xestión do rodillo vibrante e remolque, da Comunidade Intermunicipal de Servizos Públicos Consorciados Lambre-Mandeo que son repartidos, en idéntica proporción, ao 25%, entre os catro concellos integrados na comunidade.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á devandita liquidación dos gastos de xestión do rodillo vibrante e remolque, da Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo no que participan os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, e á achega do Concello de Monfero, por importe de 189,26€, con cargo á aplicación orzamentaria 2024.0.1531.00.46200, e que se proceda a súa transferencia ao Concello de Vilarmaior.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

11. ASUNTOS URXENTES

Pola alcaldía se indica que, sendo que os expedientes que se exhiben, se atopan finalizados e coa xustificación do seu carácter de urxencia, por non retrasar a resolución do expediente e evitar prexuízos aos interesados solicitantes das subvencións nominativas, propónse previa ratificación da urxencia, incluír na orde do día os seguintes expedientes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

11.1 DAR CONTA E RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 393/2024 RELATIVA A AVOCACIÓN COMPETENCIAS INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

11.2 ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

11.3 CONCESIÓN DE PRÓRROGA XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA: AA.VV de Vilachá

11.4 CONCESIÓN DE PRÓRROGA XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA: Club Pantín Competición

A Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE dos presentes, acorda ratificar a urxencia e a inclusión na orde do día dos expedientes propostos

11.1 DAR CONTA E RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 393/2024 RELATIVA A AVOCACIÓN COMPETENCIAS INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

A resolución da Alcaldía núm. 323/2024, de 08 de novembro de 2024, que se somete á ratificación da Xunta de Goberno Local, transcríbese textualmente a continuación:

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AVOCACION COMPETENCIAS INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: 2024/G003/000401

ANTECEDENTES:

Vista a necesidade do contratar o servizo de ASISTENCIA TÉCNICA E URBANÍSTICA 1º SEMESTRE DE 2025 (Xestión, execución e disciplina urbanística e asistencia técnica diversa para o funcionamento dos servizos) do Concello e, logo de ver a oferta presentada, por medios electrónicos que se incorpora ao expediente.

Estes servizos non poden ser realizados polo persoal do Concello sen alterar as tarefas que realizan habitualmente e/ou non se dispón dos medios persoais e materiais precisos para levalos a cabo polo que se considera xustificada axeitadamente a insuficiencia de medios para realizar o obxecto do contrato.

O dito obxecto non é susceptible da súa división en lotes porque as prestacións comprendidas nel non teñen substantividade propia, nin constitúen una unidade funcional por si mesmas e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución/utilización/aproveitamento de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en materia de contratación, por Resolución da alcaldía 265/2023, e iniciar o expediente de contratación referenciado ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCERO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Emítase informe pola Secretaría-Intervención sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

Decreto asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria en réxime de acumulación, dou fe. (Asinado, por esta última, aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

O Alcalde en funcións

A Secretaria acumulada

Alberto Cortizas Rejo

Ana Ramos Ramos

A Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE dos presentes, acorda ratificar a resolución da Alcaldía núm. 323/2024, de 08 de novembro de 2024.

11.2 ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

A Sra. Secretaria-interventora dá conta deste expediente de contratación que se transcribe literalmente deseguido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR 2024/C002/000032		
Órgano de contratación:	Alcalde	
Tipo:	Servizos	
Obxecto:	ASISTENCIA TÉCNICA E URBANÍSTICA 1º SEMESTRE DE 2025 (Xestión, execución e disciplina urbanística e asistencia técnica diversa para o funcionamento dos servizos)	
Código CPV:	<u>71000000-8 - Servizos de arquitectura, construción, enxeñería e inspección</u>	
Orzamento licitación:	5.445,00	
Aplicación orzamentaria:	151.22706	
Prazo execución	6 meses	
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Urbanismo (art. 25.a da Lei 7/1985)	
Financiamento:	Municipal (fondos propios)	
OFERTA		
ANTONIO LÓPEZ RODRÍGUEZ	4.500,00€ (Sen IVE)	5.445,50 €

Logo de ver a documentación do expediente e as necesidades deste Concello en materia de asistencia técnica e urbanística que fan preciso a contratación menor do SERVIZO DE ASISTENCIA E ASESORAMENTO EN MATERIA URBANÍSTICA, TÉCNICA, DE REDACCIÓN DE PROXECTOS E CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE MONFERO, para o 1º semestre de 2025, e o informe da Secretaría- Intervención que consta no expediente electrónico, e tendo en conta que está tramitándose o proceso para proveer a praza de Arquitecto existente no cadro de persoal do Concello e que, mentres tanto, o servizo non pode quedar desatendido, a urxencia da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

súa adxudicación, que o ofertante foi adxudicatario deste servizo nos últimos anos, polo que é perfecto coñecedor do funcionamento del, así como do termo municipal, que o servizo obviamente non é susceptible de realización independente mediante a súa división en lotes, a insuficiencia de medios para realizado, así como a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a súa planificación e resolución con máis anticipación e a utilización doutros procedementos de selección máis complexos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, que non supera o límite para cualificalo como menor que establece a normativa vixente reguladora, a boa oferta recibida e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, por iso propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario para poder prestar á veciñanza os servizos xerais básicos e esenciais de competencia municipal indicados na parte expositiva da presente resolución, que o xustifican de maneira motivada.
2. Tomar razón e ratificar o decreto desta alcaldía ditado en avocación para a incoación do procedemento, que obra no expediente.
3. Adxudicar a D. Antonio López Rodríguez, con DNI ****6339**, no prezo de 4.500,00€ (máis o IVE), o contrato menor de servizos consistente na asistencia e asesoramento en materia urbanística, técnica, de redacción de proxectos e de contratación do Concello de Monfero, durante o 1º semestre de 2025, e tramitar o presente gasto por contratación anticipada orzamentaria, con cargo ao exercicio 2025, quedando condicionada esta adxudicación á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no exercicio 2025, tendo en conta o decreto da alcaldía de levantamento de reparo ditado con carácter previo á adopción do presente acordo.
4. O Servizo comprenderá o asesoramento, estudo e emisión de informes técnicos en materia urbanística, de licencias e comunicacións previas de obras e para a autorización, apertura e funcionamento de actividades e establecementos, inspección e expedientes de infracción urbanística; patrimonio e bens; elaboración de estudos, memorias e proxectos técnicos do Plan POS, do Plan de Agader de mellora de camiños titularidade municipal, e os de subvencións ordinarias e habituais; replaneos e a súa comprobación, informes en expedientes de contratación e adxudicación, baixas desproporcionadas, documentación achegada; coordinación de seguridade e saúde, dirección, supervisión e control da execución de obras e instalacións correspondente aos proxectos que redacte e das subministracións, actas de recepción ou entrega devolución de avais, comprobación de investimentos e demais que se lle encomenden, con presenza física mínima dun día á semana, durante catro horas, dun profesional habilitado para a atención ao público no despacho facilitado polo Concello, e sinatura e tramitación física e dixital.
5. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

- 6 Trasladar este acordo ao Negociado Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos con cargo ao exercicio futuro próximo.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo.”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE dos presentes, acorda aprobar a proposta.

11.3 CONCESIÓN DE PRÓRROGA XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA: AA.VV de Vilachá

A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente tramitado, da documentación que consta nel e da solicitude de prórroga presentada pola representante da Asociación de Veciños Santa María de Vilachá, na que manifesta a imposibilidade de presentar en prazo a documentación xustificativa da subvención nominativa do ano 2024 que ten concedida para o financiamento dos gastos de reparación, conservación e funcionamento do local social, contorna e instalacións, e realización de actividades 2024 por importe de 1.500 €.

A Xunta de Goberno Local toma razón e, segundo establece o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do orzamento en vigor, co voto favorable de todos/as os/as asistentes, acorda, por delegación, concederlle unha prórroga de dous meses para a xustificación das su vencións anteriormente indicadas.

11.4 CONCESIÓN DE PRÓRROGA XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA: Club Pantín Competición

A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente tramitado, da documentación que consta nel e da solicitude de prórroga presentada pola representante do Club Pantín Competición, na que manifesta a imposibilidade de presentar en prazo a documentación xustificativa da subvención nominativa do ano 2024 que ten concedida para o financiamento dos gastos de competición automovilística por importe de 500 €.

A Xunta de Goberno Local toma razón e, segundo establece o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do orzamento en vigor, co voto favorable de todos/as os/as asistentes, acorda, por delegación, concederlle unha prórroga de dous meses para a xustificación das su vencións anteriormente indicadas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás once horas e corenta e dous minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certifícoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)